



RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Sr. Alcalde Presidente

D. Alberto Varela Paz

Visto o expediente incoado para a contratación mediante procedemento aberto simplificado e tramitación ordinaria, a través da Plataforma de Contratos do Sector Público, das obras denominadas “RENOVACIÓN URBANA DO ENTORNO DE MATOSINHOS. 1ª FASE”.

O prego de cláusulas administrativas correspondente foi elaborado de conformidade co establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, polo que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, sendo emitidos informes pola Secretaría Xeral, de data 27 de abril de 2018 e da Interventora municipal, do 4 de maio de 2018.

Tendo en conta, que o expediente de contratación foi completado e, de acordo cos artigos 117.1 e 122 do da Lei 9/2017 e o disposto polo artigo 21 da Lei 7/1985 de Bases do Réxime Local,

RESOLVO

1. Aprobar o expediente de contratación mediante procedemento aberto simplificado e tramitación ordinaria, do contrato de obras denominado “RENOVACIÓN URBANA DO ENTORNO DE MATOSINHOS. 1ª FASE”, que se licitará mediante os servizos de licitación electrónica da Plataforma de Contratación do Sector Público,
2. Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e os seus anexos, que rexerán as relacións entre as partes do contrato.
3. Autorizar o gasto por un importe de 321.706,86 € (trescentos vinte e un mil setecentos seis euros con oitenta e seis céntimos), con cargo ás aplicación orzamentaria 1532-61900. Nº proxecto IFS (4) 1/1/2017.
- 4.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado a través dos servizos de licitación electrónica da Plataforma de Contratos do Sector Público.

Así o manda e asina o Sr. Alcalde á data da sinatura electrónica.

